

BASES REGULADORAS DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O EXERCICIO 2023

Na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), defínense os servizos sociais comunitarios como “o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema”.

Así, os servizos sociais comunitarios teñen un carácter predominantemente local ao estar referidos a un territorio e a unha poboación determinados, e constitúen o punto de acceso normalizado e tamén o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.

No artigo 31 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, establécese que as deputacións lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos de menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios municipais.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014, a Deputación de Pontevedra aproba o plan de cofinanciamento que ten por obxecto o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos de menos de 20.000 habitantes e para contratación de persoal que teña a condición de empregado público e desenvolva o seu labor dentro dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do persoal profesional de referencia, que se regula no artigo 37 do antedito decreto.

Este plan remitíuselles para o seu coñecemento ás entidades responsables mencionadas no artigo 31.4 do Decreto 99/2012, consonte o disposto no artigo 112.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).



Desde o punto de vista competencial, as deputacións teñen a competencia propia de apoiar as corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das previsións establecidas no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que determina a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión; no artigo 109.1.b) da LALG; no artigo 63 da LSSG; e no artigo 31 do citado Decreto 99/2012 , modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro.

Segundo o exposto e en execución das competencias en materia de servizos sociais comunitarios municipais, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, apróbase este Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar o Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra, para o exercicio 2023, a través do cal se subvencionarán os SAF e a contratación de persoal empregado público segundo o previsto na base cuarta.

Segunda. Entidades destinatarias da convocatoria

Serán destinatarios deste plan os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022.

Non poderán obter a condición de beneficiarios aqueles concellos nos que conorra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.



Así, no específico, non poderán ser beneficiarios os concellos que non estean ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA) ou coa Seguridade Social, circunstancias que se comprobarán nas condicións establecidas na base oitava.

No que atinxe ao cumprimento das obrigas coa Facenda provincial, estarase ao disposto nos artigos 10.10 e 27.3 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no apartado 4 da base 25 das Bases de execución do orzamento, referido á compensación de débedas cos concellos.

Terceira. Réxime xurídico e principios de xestión

O concello solicitante comprométese a realizar as actuacións necesarias para desenvolver os seus obxectivos e a completar coa súa achega económica os módulos financiados.

A percepción destas axudas será compatible con calquera outra achega económica do organismo provincial que complemente as actuacións contempladas nestas bases, e coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado.

Non obstante, en ningún caso o conxunto das axudas recibidas poderá superar o 100 % do custo da axuda subvencionada. De superar este límite, a entidade beneficiaria deberá comunicalo co obxecto de diminuír o importe da subvención.

Este plan rexerá polo establecido nestas bases. Aplicaranse supletoriamente as normas da LXS, da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e das Bases de execución do Orzamento provincial para 2023.

As entidades beneficiarias das achegas quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS.

A xestión desta convocatoria realizarase segundo os seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, non concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra



- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos

Cuarta. Módulos obxecto de financiamento e contías das axudas

A través da adhesión ao Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra, os concellos destinatarios poderán financiar os SAF básicos e a contratación de persoal que teña a condición de empregado público e desenvolva o seu labor dentro dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios, con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do persoal profesional de referencia, establecido no artigo 37 do Decreto 99/2012.

Os módulos obxecto de financiamento serán os seguintes:

- Módulo de SAF básico

Para estes efectos, considérase SAF básico aquel no que as persoas usuarias accedan ao servizo en réxime de libre concorrência e non gocen del a través do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD).

A través desta modalidade financiaranse os gastos derivados da prestación básica do SAF adscrito directamente aos servizos sociais comunitarios básicos dos concellos de menos de 20.000 habitantes, que comprenden os supostos nos que se presten tanto por xestión directa coma, de ser o caso, por xestión indirecta, mediante un contrato ou unha encomenda da xestión.

Serán obxecto de subvención os gastos de retribucións brutas e de seguridade social do persoal auxiliar do SAF, o gasto de material directamente vinculado ao programa (luvas, batas, pixamas e zocos) e a quilometraxe do persoal auxiliar de axuda no fogar.

No caso de que este servizo se xestione indirectamente mediante algunha das formas previstas na lexislación de contratos do sector público, serán igualmente subvencionables os gastos ocasionados da mesma natureza que os sinalados nos apartados anteriores.



- Módulo de persoal

A través desta modalidade financiaranse os gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal empregado público que realice as tarefas propias do seu posto nos SAF básicos, con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do profesional de referencia, segundo o artigo 37 do Decreto 99/2012.

Quinta. Contías das axudas

Para a prestación dos servizos comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023 establécese unha contía máxima para cada concello de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, recollida no anexo I destas bases.

Os concellos poderán solicitar ata as contías máximas dos módulos indicados na base precedente, respectando o número de profesionais, a xornada e a categoría profesional, entre outras cuestións. No caso de redución da xornada con respecto ao estipulado, diminuirase a contía correspondente de xeito proporcional.

Nos supostos nos que os servizos os presten mancomunidades ou agrupacións de menos de 20.000 habitantes, a contía da achega provincial será o resultado de sumarlles as cantidades correspondentes aos distintos concellos que a integran.

En relación co módulo de persoal, aplicaranse as seguintes modalidades económicas:

Categoría profesional	Modalidade económica: xornada completa durante 12 meses	Modalidade económica: media xornada durante 12 meses
Persoa con titulación superior (licenciatura universitaria, grao ou equivalente)	18.062 €	9.031 €
Persoa con titulación media (diplomatura universitaria ou equivalente)	15.013 €	7.506,50 €
Persoal administrativo	12.029 €	6.014,50 €



Sexta. Presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que comprende a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Sétima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Octava. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

En caso de que as entidades interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



Novena. Documentación

Os concellos interesados deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a. Proxecto descritivo dos servizos sociais comunitarios municipais (anexo II), segundo o modelo normalizado dispoñible en <https://sede.depo.gal>
- b. No caso de non utilizar o certificado electrónico cualificado de representante do concello solicitante, deberase achegar un documento de representación

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requiririlles a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presentase a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros).

Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate.



No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite.

Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle ao Concello, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, previa resolución, que deberá de ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

Décimo primeira. Notificacións

As resolucións e os actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

A notificación entenderase practicada no momento no que se acceda ao seu contido, e rexeitada cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles aos concellos solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicaráa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Décimo segunda. Instrución e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións realizaraa a xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, de xeito individual, a medida que os concellos presenten as súas solicitudes, e comprenderá as seguintes fases:

- Tras presentar as solicitudes, o Servizo de Cohesión Social e Xuventude estudaraas e comprobaraas
- O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS e no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra

Intervención emitirá un informe de fiscalización de cada expediente e do informe-proposta dirixido ao órgano competente.

Na resolución, ademais de incluírse a entidade solicitante ou a relación de entidades solicitantes ás que se lles concede a subvención, farase constar de maneira expresa, no seu caso, a desestimación do resto das solicitudes.

A resolución do procedemento non poderá exceder os seis (6) meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que esta pospoña os seus efectos a unha data posterior.

O vencemento do prazo máximo sen que se notifique a resolución lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

O vencemento do prazo máximo sen que se notifique a resolución lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Décimo terceira. Pagamento e xustificación

Estas axudas aboaránselles directamente aos concellos logo da súa aprobación polo órgano competente e da súa xustificación.



Para a súa aprobación comprobarase que a entidade receptora non ten ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais do exercicio 2022.

En todo caso, independentemente de que exista ou non anticipo, para proceder á aprobación en 2023 comprobarase que se presentou en prazo a xustificación do plan da convocatoria anterior.

Deberá realizarse a xustificación da execución completa do programa, integrada pola seguinte documentación, que se deberá presentar obrigatoriamente por medios electrónicos segundo o previsto na base décima:

1. Certificación da Secretaría ou da Intervención, segundo o modelo dispoñible en <https://sede.depo.gal>, na que consten:

- a) O persoal empregado público adscrito aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello obxecto da transferencia, na que se especificará a súa categoría ou o seu perfil profesional, tipo de xornada, nome, apelidos e NIF.

- b) Os pagamentos efectuados durante 2023 a este persoal polas retribucións brutas e os seguros sociais con cargo ao Concello, os pagamentos realizados ao persoal adscrito ao SAF básico de titularidade municipal e os gastos de material (luvas, batas, pixamas e zocos) do citado programa, e a quilometraxe, establecidos na base cuarta.

No caso de que o SAF se xestione indirectamente mediante algunha das formas previstas na lexislación de contratos do sector público, deberán achegarse as copias das facturas co importe total, nas que se detallarán o importe do IVE e o prezo por hora da prestación do servizo.

Para o financiamento do material deberá achegarse a copia das facturas que demostren a súa adquisición e a xustificación da quilometraxe do persoal auxiliar de axuda no fogar.



c) Os ingresos recibidos doutras administracións públicas, entes privados ou usuarias e usuarios (copagamento) para o financiamento dos mesmos conceptos no mesmo período.

A achega da institución provincial é compatible coa percepción doutros ingresos que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da achega da Deputación, non supere en ningún módulo o importe total do gasto efectivamente xustificado.

Para que non concorra esta circunstancia reducirase a axuda provincial no importe necesario, o que poderá dar lugar a un expediente de reintegro.

2. Memoria da actividade (do persoal e do SAF), segundo os modelos dispoñibles en <https://sede.depo.gal>, elaborada e asinada polo persoal técnico dos servizos sociais comunitarios básicos municipais.
3. Acreditación mediante proba documental do cumprimento do compromiso de publicidade da achega provincial segundo a base décimo sexta. Remitirase unha fotografía do cartel na que se fagan constar a súa localización e as fotografías das tarxetas identificadoras.

Respecto do importe dos pagamentos xustificados:

- . Deberá acadar en cada módulo o da achega do organismo provincial.
- . Cando o importe dos pagamentos xustificados non alcance o establecido na base quinta para o devandito módulo, sempre que se respecten as condicións establecidas, a axuda provincial reducirase proporcionalmente
- . De reducirse a xornada do persoal sen autorización previa da variación do módulo, a achega da Deputación será proporcional á contía prevista para a mencionada xornada no plan

No caso de que a contía xustificada sexa inferior ao importe solicitado e recibido, iniciárase o expediente da perda do dereito ao cobramento total ou parcial, no seu caso, ou ao reintegro segundo proceda, de conformidade co establecido no artigo 90 do Real decreto 887/2006, de 21 xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS).



O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 29 de febreiro de 2024, este incluído. Excepcionalmente, poderase solicitar unha prórroga antes de que remate o mes de xaneiro. Logo de ser valoradas favorablemente as causas excepcionais que motivan a mencionada solicitude polo Servizo de Cohesión Social e Xuventude e pola Intervención, poderá concederse unha prórroga da xustificación ata, como máximo, o 31 de marzo de 2024.

Se non se achega a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado), requiriráselle á entidade beneficiaria a súa presentación no prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de xustificación neste prazo excepcional implicará o inicio do expediente da perda da achega da Deputación.

Se o Concello o solicita, poderase realizar o pagamento anticipado do 50 % das axudas aprobadas, logo de comprobar que a entidade receptora cumpre as súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA e coa Seguridade Social. O 50 % restante librarase tras xustificar a execución completa do programa.

Décimo cuarta. Financiamento

A contía consignada para esta convocatoria ascende a dous millóns catrocentos oitenta e tres mil douscentos oitenta e dous euros con noventa e oito céntimos (2.483.282,98), con cargo á aplicación 23/231.2313.462.00 do Orzamento provincial para 2023.

Décimo quinta. Vixencia

Estas bases estarán vixentes do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023.

As sucesivas convocatorias anuais estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Décimo sexta. Publicidade

Deben constar en toda a publicidade e nas comunicacións a organización e a colaboración do organismo provincial mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do RLXS.



A entidade local deberá situar nun lugar visible do propio centro de servizos sociais comunitarios municipais básicos un cartel informativo no que se faga constar o cofinanciamento da institución provincial.

Ademais, deberá proporcionarlle ao persoal contratado para o SAF, sexa propio ou pertencente a unha empresa que se poida contratar, as tarxetas identificadoras do servizo subvencionado; o persoal deberá levalas cando estea a realizar a actividade obxecto da subvención.

Décimo sétima. Obriga dos concellos de informar

Os concellos estarán obrigados a facilitarlles aos servizos do organismo provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande nun prazo de quince (15) días. A negativa a facilitar esta información ou a demora inxustificada no seu envío dará lugar á exclusión da entidade local do plan, coa conseguinte perda do dereito ao cobramento ou ao inicio do expediente de reintegro, segundo proceda, das achegas percibidas ou concedidas ao seu abeiro, que será declarada pola Xunta de Goberno tras tramitar o oportuno expediente contraditorio con audiencia da entidade interesada.

Décimo oitava. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditase no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 123 e 124 da LPACAP), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; todo iso no prazo establecido no artigo 46 desta lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Décimo novena. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.



A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



Anexo I
Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais para o exercicio 2023
Cadro de achegas máximas por módulos

Concello	Módulo de persoal (achega máxima)		Módulo do SAF (achega máxima)
A Cañiza			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
		27.042,00 €	28.804,21 €
A Guarda			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
		27.042,00 €	32.824,12 €
A Illa de Arousa			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	15.000,00 €
A Lama			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	27.824,35 €
Agolada			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		19.535,50 €	31.097,77 €



Arbo			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	37.045,56 €

As Neves			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	23.212,21 €

Baiona			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
		27.042,00 €	24.572,00 €

Barro			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		19.535,50 €	19.562,27 €

Bueu			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
		27.042,00 €	24.744,00 €

Caldas de Reis			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
		27.042,00 €	23.865,00 €



Cambados			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
		27.042,00 €	27.628,00 €

Campo Lameiro			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	13.807,00 €

Catoira			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	7.816,00 €

Cerdedo-Cotobade			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		19.535,50 €	39.999,28 €

Covelo			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		19.535,50 €	16.852,21 €

Crecente			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	22.383,09 €



Cuntis			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
		21.027,50 €	26.508,21 €

Dozón			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		19.535,50 €	22.331,69 €

Forcarei			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
		27.042,00 €	27.057,85 €

Fornelos de Montes			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	12.874,61 €

Gondomar			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
		27.042,00 €	29.840,00 €

Meaño			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
		27.042,00 €	28.000,00 €



Meis			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	23.718,36 €

Moaña			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
		42.055,00 €	38.992,00 €

Mondariz			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación superior	18.062,00 €	
		30.091,00 €	25.988,21 €

Mondariz-Balneario			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	9.176,20 €

Moraña			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	10.056,00 €

Mos			
-----	--	--	--



	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
	Persoal con titulación superior	18.062,00 €	
		45.104,00 €	35.760,24 €

Nigrán			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
	Persoal con titulación superior	18.062,00 €	
		45.104,00 €	36.010,00 €

O Grove			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación superior	18.062,00 €	
		30.091,00 €	35.144,29 €

O Rosal			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	20.340,79 €

Oia			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	12.020,24 €

Pazos de Borbén			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	10.573,05 €



Poio			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
	Persoal con titulación superior	9.031,00 €	
		58.592,50 €	34.460,00 €

Ponte Caldelas			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
		27.042,00 €	25.904,00 €

Pontecesures			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	14.160,00 €

Portas			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	22.300,00 €

Ribadumia			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	15.775,63 €

Rodeiro			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	





	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	19.378,03 €

Salceda de Caselas			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación superior	18.062,00 €	
	Persoal con titulación superior	9.031,00 €	
		39.122,00 €	21.140,57 €

Salvaterra de Miño			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación superior	18.062,00 €	
		30.091,00 €	22.834,29 €

Sanxenxo			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
	Persoal con titulación superior	18.062,00 €	
		45.104,00 €	35.270,00 €

Silleda			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
		27.042,00 €	41.312,21 €

Soutomaior			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	17.101,71 €

Tomiño			
---------------	--	--	--



	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
		27.042,00 €	
			32.000,00 €

Tui			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
	Persoal con titulación superior	18.062,00 €	
		45.104,00 €	
			34.796,00 €

Valga			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación superior	18.062,00 €	
		30.091,00 €	
			13.848,00 €

Vila de Cruces			
	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
		27.042,00 €	
			33.802,32 €

Vilaboa			
	Persoal administrativo	6.014,50 €	
	Persoal con titulación media	7.506,50 €	
		13.521,00 €	
			13.611,43 €

Vilanova de Arousa			
---------------------------	--	--	--



	Persoal administrativo	12.029,00 €	
	Persoal con titulación media	15.013,00 €	
	Persoal con titulación superior	18.062,00 €	
		45.104,00 €	37.835,48 €

1.226.324,50 €	1.256.958,48 €
-----------------------	-----------------------

2.483.282,98 €

